



# ACTIVIDADES DO MUSEO E DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS

---

Felipe Arias Vilas

---

Como xa indicabamos no anterior número de *CROA*, este relatorio de actividades ten que centrarse no período que media entre a publicación da revista anual, e posto que o constrinximento orzamentario obriga a organizar aquelas nun tempo limitado do ano, dito relatorio circunscríbese a uns cantos meses, aproximadamente entre setembro de 2012 e abril de 2013 pero que, en todo caso, reflicten as accións do Museo e, de por parte, da súa Asociación de Amigos en canto que esta vén ofrecendo un apoio e unha colaboración moi notable no desenvolvemento de todas as funcións museísticas da nosa institución. Así pois, resumimos brevemente aquí aquelas actividades ordenándoas por bloques ou apartados relacionados precisamente con ditas funcións.

No que se refire ó incremento de fondos e labores de catalogación, hai que desatacar o ingreso e rexistro de fondos arqueolóxicos na aplicación informática DOMUS, tanto do Castro de Viladonga (25 pezas procedentes dos traballos de limpeza e consolidación arqueolóxica no Castro realizados de xullo a outubro de 2012), como doutros xacementos (957 pezas), por mor de 76 Resolucións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que ordenan o depósito provisional neste Museo de materiais procedentes de varios lugares da provincia de Lugo, sendo de resaltar polo seu número os achados procedentes do Castro da Atalaia (San Cibrao, Cervo) e da cidade de Lugo.

Este Museo está presente de xeito constante e actualizado na aplicación de ámbito estatal CER.ES cunha selección de case duasetentas pezas, coa súa ficha e fotografía correspondente.

No apartado de conservación e restauración, ademais dos traballos de consolidación realizados no Castro dos que se informa noutro lugar desta mesma publicación, pódese salientar a intervención sobre un total de 111 pezas (37 en conservación preventiva e 74 en restauración), destacando sobre todo o traballo sobre cerámica e sobre metais -ferro e bronce-, coa utilización das máquinas e aparatos ad hoc e, baixo o control da restauradora do Museo, Carolina Pérez, coa colaboración durante catro meses do Bolseiro de Restauración asignado a este centro, Diego Lois Carrera.

Por outra parte, realízase un control permanente das condicións ambientais das salas, vitrinas e depósitos ou fondos de reserva con termohigrómetros dixitais e *data-loggers*, cun total anual de 42 medicións.

O recuento de visitantes do Museo e do Castro, referido neste caso a todo o ano 2012, reflicte un número de 15.395 visitas no Museo (contabilizadas con entradas, cun amplo horario de apertura ininterrompida ó mediodía e durante 360 días ó ano), mentres no Castro, de apertura permanente e de visita libre, foron aproximadamente 17.500.

A este respecto, cómpre sinalar a diversificación do público do Museo, do cal o 59 % corresponde a visitas individuais ou familiares, que aumentan dun ano para outro ou, polo menos, véñense mantendo, o que non é pouco neste tempos de crise. No entanto, o 41 % que corresponde a grupos (e maiormente os escolares) é precisamente onde se produciu un acusado descenso que fai que o total de visitas ó Museo no ano 2012

baixase en máis dun 7% con relación ó ano anterior, que xa rexistrara unha baixada similar.

Con todo, tamén hai que facer notar que, aínda que non sempre coa frecuencia nin coa corrección de datos que se desexaría, a presenza do Museo nos medios de comunicación acada un nivel aceptable, recollendo as principais actividades realizadas ou servindo como referencia para outros temas relacionados co patrimonio cultural, como reflicte o dossier de prensa que se garda no arquivo do Museo.



Figura 1

En canto ás Exposicións temporais, logo de ofrecer durante uns meses a mostra de paneis fotográficos *A Noite dos Museos no Castro de Viladonga 2005-2011*, con papel destacado para a Asociación de Amigos, elaborouse posteriormente, tamén desde o Museo, a exposición *O proceso de restauración dunha ola castrexa do Castro de Viladonga* (fig. 1), que estivo ata o mes de novembro, en que a peza que era motivo da mostra foi trasladada ó Museo Arqueolóxico Nacional de Madrid, polo cambio de depósito ordenado polo Ministerio (a peza é de titularidade estatal) para formar parte da nova montaxe museográfica daquel centro como unha representación da cerámica castrexa do Noroeste.

A partir de novembro e ata marzo reinstaláronse sucesivamente na Sala de Actos, como apropiado complemento das salas permanentes, as exposicións temporais producidas no seu día polo Museo tituladas *Do xacemento ó Museo. O proceso de recuperación*

*patrimonial no Castro de Viladonga e Arqueoloxía e Sociedade. O achado dos torques de Vilar do Monte (Sarria, Lugo)*, que á súa vez foi substituída durante o mes de abril pola mostra fotográfica *Castros: tan lonxe, tan preto*, elaborada pola Asociación 'Penas Mouras'.

Cando o presente número de CROA estea na rúa, outras dúas exposicións se ofrecerían xa no Museo: a actualización da mostra referida á celebración da Noite dos Museos de 2013 e unha exposición elaborada por este centro sobre os traballos de consolidación realizados no Castro nos últimos cinco anos, que se complementará no mes de xuño de 2013 coa celebración dunhas Xornadas sobre criterios de conservación en castros galegos, coa participación de varios arqueólogos e restauradores en colaboración coa empresa BIC e coa Facultade de Humanidades da USC en Lugo.

Entre os proxectos de divulgación e difusión do Museo é importante destacar a elaboración, na súa 2ª e definitiva fase, dunha aplicación informática coas visitas virtuais tanto ó Castro como ó Museo así como dun catálogo selectivo e interactivo e unha selección de audioguías para o xacemento, a cargo de Rubén Pintor -empresa Studo3D- e baixo a dirección e supervisión do propio Museo, para a súa utilización no sitio web institucional, que está pendente de revisión e actualización do seu deseño e contidos, e tamén para o posible uso no futuro nas salas do Museo ou noutros sitios web, como o patrocinado pola Asociación de Amigos, [www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es), agora xa renovado (fig.2), relacionados directamente co conxunto arqueolóxico e museístico de Viladonga.

Pese ó xa mencionado descenso das visitas escolares, que se produce por razóns moi diversas, na medida do posible continuouse coa realización de actividades de educación e acción cultural, entre as que se poden citar as seguintes:

- Elaboración e edición dun Programa de Acción Didáctica actualizado para 2º e 3º ciclos de ensino primario (fig. 3) e para os cursos de ensino secundario, así como dun novo material de traballo para educación infantil e para o 1º ciclo de ensino primario, e igualmente fíxose unha revisión do material que serve de guía de traballo para o alumnado de Bacharelato.
- Desenvolvemento de obradoiros arqueolóxicos para ensino primario e secundario, consistentes na




Figura 2



## MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

PROGRAMA DE ACCIÓN DIDÁCTICA  
ENSINO PRIMARIO 5º e 6º




Figura 3

explicación, medición e análise dos diferentes elementos estruturais do Castro.

- Desenvolvemento dun obradoiro numismático para ensino secundario, con explicación e posta en práctica do sistema de cuñaxe, valores monetarios romanos, etc.

- Desenvolvemento dun obradoiro sobre teoría e práctica dunha escavación arqueolóxica para alumnos da Facultade de Humanidades de Lugo, con proxección dun vídeo ad hoc, explicacións teóricas sobre escavación e consolidación arqueolóxica, prácticas de limpeza e rozado superficial en determinados puntos do Castro, etc.

Entre outras actividades tamén hai que salientar, como complemento da exposición temporal xa referida nun memorando anterior, sobre *Castros galegos: investigación e posta en valor*, a celebración dun ciclo de catro conferencias e unha mesa redonda sobre xacementos castrexos galegos a cargo de varios especialistas na materia como Enrique Montenegro Rúa, Emilio Ramil González ou Xulio Rodríguez González (membros da nosa Asociación) e outros (fig. 4).

No apartado de Publicacións e ademais da edición do numero 22 (2012) do Boletín anual *CROA*, órgano de expresión científica e de difusión cultural do Museo e da súa Asociación de Amigos desde 1991, reeditouse coas necesarias actualizacións o folleto-guía de man

do Museo e do Castro, publicado en versións galega, española e inglesa.

Fíxose tamén un folleto-guía de man (tríptico non venal) da exposición temporal sobre o proceso de restauración dunha ola castrexa antes citada.

Por último e como reflexo doutras accións que desenvolve o Museo en colaboración con outras institucións e entidades (a maiores da xa devandita Asociación de Amigos ou do Club Cultural Valle-Inclán de Lugo), pódese resaltar que este centro do Castro de Viladonga colabora activamente co Consello Galego de Museos, do que forma parte desde 1990 como membro fundador ou que, así mesmo, vén colaborando de xeito continuo coa Facultade de Humanidades da USC en Lugo co préstamo de exposicións, visitas especiais de traballo no Museo e no Castro, charlas e conferencias complementarias, etc.

No ámbito tanto científico como cultural, institucional ou particular, entre outros diversos informes, continuouse coa resolución de consultas e atención a investigadores, e realizáronse valoracións e taxacións de varias decenas de pezas da Xunta de Galicia, depositadas en varios museos ou coleccións de titularidade provincial ou municipal de Lugo, con motivo do seu traslado e depósito no denominado Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL).



Figura 4